

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	5
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES Luís Seoane é un centro educativo público que imparte ensinanzas da ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos das familias profesionais de Administración e Comercio.

A oferta formativa do centro concrétese nas seguintes ensinanzas:

- ¿ ESO
- ¿ Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.
- ¿ Bacharelato de Ciencia e Tecnoloxía.
- ¿ Bacharelato Xeral
- ¿ CS Administración e Finanzas en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CS Asistencia á Dirección en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CM Xestión Administrativa en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CM Administración e Finanzas en réxime de adultos e presencial.
- ¿ CM Xestión Administrativa en réxime de adultos e presencial.
- ¿ CM Xestión Administrativa en réxime de adultos e a distancia.
- ¿ CS Comercio Internacional en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CS Xestión de vendas en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CM Actividades Comerciais en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CS Transporte e Loxística en réxime de adultos e a distancia.
- ¿ CB de Servizos Comerciais en réxime ordinario e presencial.
- ¿ CM FP DUAL Comercialización de produtos alimentarios en réxime de adultos e presencial.

En total están matriculados 1.114 alumnos e alumnas nas distintas modalidades de ensinanza.

A procedencia do alumnado, no caso da ESO e Bacharelato, é fundamentalmente do barrio de Monte Porreiro e Xeve, no caso do alumnado de ciclos tamén de Pontevedra e concellos limítrofes.

Contextualizar que Monte Porreiro é un barrio da cidade de Pontevedra que conta con aproximadamente 8.000 habitantes cun nivel socioeconómico catalogado como baixo polo ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural).

Todo isto fai que o alumnado do centro sexa moi heteroxeneo e diverso en canto á súa orixe, á súa idade, ás súas necesidades específicas e á súa situación socio-familiar, o que explica a diverxencia dos seus resultados académicos. Unha parte do alumnado que cursa o nivel obrigatorio de ensino presenta falta de motivación, falta de interese, poucos hábitos de estudo e problemas de conduta e absentismo, o que eleva a porcentaxe de alumnado repetidor, sobre todo nos cursos de 1º e 3º da ESO.

En todo este contexto, os obxectivos establecidos na lei para a ESO son acadados con certa dificultade e requiren medidas de actuación coma as seguintes:

- ¿ Adaptacións Curriculares.

- ¿ Apoio do Profesorado de PT.
- ¿ Exención da Segunda Lingua Estranxeira (Francés): Programa de Reforzo de Linguas.
- ¿ Desdobres de Matemáticas.
- ¿ Reforzo Educativo do profesorado das distintas materias.
- ¿ Contratos Programa.
- ¿ Iniciativa ARCO.
- ¿ Agrupamentos de 1º ESO.
- ¿ PDC.
- ¿ ACSs.
- ¿ Flexibilización do período de escolarización.
- ¿ Orientación de alumnado para a FP Básica.

Con respecto ás ensinanzas non obrigatorias, alumnado que cursa bacharelato e formación profesional, a motivación xa é máis alta con respecto a estes estudos.

No caso da FP unha das motivacións do alumnado é a posibilidade de realización de prácticas nas empresas (FCT). Isto supón un acercamento á realidade empresarial e a mellora do seu perfil competencial.

Neste senso o centro colabora con máis de 150 empresas para a realización das prácticas de formación profesional. Destacar a importancia de seguir incrementando esa base de datos e buscar a máxima colaboración co tecido empresarial local.

Decir tamén que moito do alumnado que finaliza un ciclo, xa sexa CB, CM ou CS, segue a completar a súa formación no centro matriculándose noutro ciclo, sendo isto un reflexo da conciencia de que a formación é a vía máis eficaz de atopar emprego de calidade.

As porcentaxes do alumnado que supera todas as materias no curso 2021/22 son as seguintes:

- 1º ESO: 54%
- 2º ESO: 45%
- 3º ESO: 58%
- 4º ESO: 65%
- 1º BACH: 55%
- 2º BACH: 66%

CICLOS: media de aprobados do 90%-100%. O ciclo que menos aprobados ten está en torno ao 60% de aprobados.

No referente a conflictividade no centro neste curso houbo 277 faltas de orde, 56 expulsións de 3 días e 5 expedientes disciplinarios.

Con respecto aos recursos cos que contamos, o centro conta cunha plantilla de 85 profesores e 11 persoas de persoal de servizo, entre administrativos, conserxes e persoal de limpeza. Trátase dun persoal comprometido coas necesidades do alumnado, con grupos de formación permanente e realización de múltiples actividades durante o

curso. Mención aparte están todos os premios conseguidos pola comunidade educativa que se recollen na páxina web do instituto.

ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesluisseoane/?q=taxonomy/term/191>

Seguindo cos recursos, o centro conta con 28 aulas dotadas con ordenador para o profesor e canon de vídeo, 2 laboratorios, 4 aulas de informática, sala de expresión corporal, aula de música, aula de plástica, dúas aulas de audiovisuais, aula de tecnoloxía, aula comité UNESCO, salón de actos, camerinos de teatro, biblioteca, pavillón, tres pistas polideportivas, sala de profesores, secretaría, conserxería, despachos, departamentos didácticos, cafetería, zona axardinada e aparcadoiro.

E no referente as colaboracións o centro mantén relación con distintas asociacións como é o caso da Asociación Cultural *¿A mimosa¿*, a Asociación Veciñal *¿El Mirador¿*, a sociedade deportiva *¿S.D.Monte Porreiro¿*, a Asociación Promoción Xitana (destacando a súa labor para reducir o absentismo escolar), Caritas Parroquial e as Asociacións de Pais e Nais. Neste último caso destacar que o centro promove unha relación directa e fluida con todas as familias, tanto as familias das ANPAS como as que non forman parte da asociación, favorecendo a súa participación no proceso educativo e nas actividades que se desenvolven no centro. A Xefatura de Estudos, o Gabinete de Orientación e o profesorado están abertos a recibir e escoitalas nas súas preocupacións. A ANPA, que posúe un espazo de reunión no centro, ten unha alta implicación nas actividades comunitarias do centro, colabora coa Biblioteca e moitos dos intercambios internacionais non serían posibles sen a súa colaboración como familias acolledoras.

b) A contribución á adquisición das competencias

Tal e como establece o RD 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO, aspectos como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a educación para a paz e non violencia e a creatividade, traballaranse en todas as materias. Ademais tamén serán obxecto de tratamento transversal a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade entre homes e mulleres e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Todo elo para a consecución das seguintes competencias clave que se prevén no perfil de saída do alumnado da ESO:

- ¿ Competencia en comunicación lingüística.
- ¿ Competencia plurilingüe.
- ¿ Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía e enxeñeira.
- ¿ Competencia Dixital.
- ¿ Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- ¿ Competencia cidadanía.
- ¿ Competencia emprendedora.
- ¿ Competencia en conciencia y expresións culturais.

A contribución para a adquisición das competencias se concreta nas programacións didácticas dos distintos departamentos, programacións que se publican na web do instituto.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Tal e como se recolle no PEC a acción educativa estará centrada no respecto aos demais, na liberdade, no pluralismo, na solidariedade e cooperación, no diálogo, no respecto e no afán de superación. Rexeitaranse todos os comportamentos discriminatorios por razón de sexo, clase social, etnia, crenza, lingua, opción política ou opción sexual. Impulsarase no alumnado o seu desenvolvemento integral e a participación crítica e responsable nas actividades do centro como aprendizaxe para unha vida de cidadán adulto comprometido. Procurarase a práctica da tolerancia cero ante calquera manifestación ou actitude machista ou ante calquera falta de respecto á liberdade de opción sexual. Procurarase unha participación paritaria de homes e mulleres nas actividades do instituto e a utilización dunha linguaxe non sexista. Se traballará para romper a barreira de xénero no ámbito científico-técnico. Fomentarase a protección do patrimonio cultural, natural e artístico, en xeral, e o de Galicia en particular. Potenciarase o uso da lingua galega. Facilitarase o interese por outras linguas e culturas e o respecto polas persoas que forman parte das mesmas. Favorecerase un modelo de relacións entre o ser humano e a contorna sostible, que faga compatible satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a satisfacción das necesidades das xeracións futuras.

Terase en conta o que se recolle na LOMLOE nos artigos 20.1. e 21.1. respecto a inclusión, normalización, igualdade e non discriminación do alumnado con necesidades educativas especiais:

"A escolarización do alumnado que presenta necesidades educativas especiais ou dificultades específicas rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo".

E tamén se terán en conta os principios, na práctica xa recollidos no PEC, que se sinalan na nova lei de FP (Ley Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional) no artículo 3 e apartados h), i) e j):

h) Centralidade da persoa, potenciando o máximo desenvolvemento das súas capacidades, promovendo a súa participación activa, o desenrolo das súas habilidades interpersonales e contribuíndo a superar toda discriminación por razón de nacemento, orixe nacional ou étnico, sexo, discapacidade, vulnerabilidade social ou laboral, ou calquera outra condición o circunstancia persoal ou social.

i) Transparencia, calidade, accesibilidade, igualdade efectiva de trato e de oportunidades entre as persoas, equidade e inclusión.

j) Eliminación dos estereotipos profesionais e sesgos de xénero nas opcións formativas profesionais."

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No anexo III do RD 217/2022 do 29 de marzo faise referencia a metodoloxía que favorece a adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica. Esta metodoloxía sinala que as situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades,...) deberán partir dos centros de interese dos alumnos e alumnas o que lles permitirá construír o coñecemento con autonomía e creatividade en base a súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe fan que as tarefas e as actividades sexan contextualizadas e respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Asemade, deberán estar compostas por tarefas complexas para a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido a contextos cercanos á vida real.

En xeral, en todas as etapas do sistema educativo, tal e como recolle a guía para a creación de materiais educativos interactivos do Ministerio de Educación, as competencias desenvólvense practicándoas, sendo as tarefas e actividades as ferramentas para elo. As tarefas están integradas cara a adquisición das competencias programadas. As tarefas integradas por competencias supoñen un enfoque metodolóxico no que o alumnado non é un simple receptor nin repetidor de contidos, se non que se converte en protagonista dunha situación ou contexto de

aprendizaxe. As tarefas pasan a ser o núcleo a través do que debe gravitar o resto de elementos de traballo: contidos, recursos, autoavaliacións, etc...

A metodoloxía adoptada deberá facilitar a adquisición das competencias comentadas e, polo tanto, deberá centrarse tanto no "facer" como no "saber" e "saber estar", xa que nos importarán tanto o proceso como o produto final.

No caso da formación profesional esa metodoloxía recibe o nome de situacións profesionais de aprendizaxe, que supón a realización de tarefas que simulen unha situación profesional.

As distintas metodoloxías empregadas se concretan nas programacións didácticas dos departamentos. Programacións que están publicadas na web do centro.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

ESO

O noso centro forma parte do Proxecto Edixgal, polo que os materiais e recursos son os que proporciona a plataforma Eva-Edixgal enriquecidos polos materiais elaborados polo

profesorado.

Bacharelato

Na etapa posobrigatoria, os Departamentos didácticos deciden se fixan libro de texto ou traballan con material propio.

No caso de usar o libro de texto, este é decidido no Departamento baixo criterios pedagóxicos e o seleccionado queda vixente durante seis anos.

Por outra banda, se se traballa con material propio, este estará dispoñible na aula virtual do centro.

Todas as aulas teñen acceso a internet, constan de pizarra dixital, pantalla táctil e ordenador do profesorado.

No caso concreto de FP o alumnado debe proveerse do seu propio portátil, facilitando o centro a conexión wifi e eléctrica. Tamén temos disposición de protátiles en prestamo para o alumnado con dificultades económica.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Tendo en conta que os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas normas que a desenvolven no IES Luís Seoane usarase esa autonomía para organizar a oferta educativa das materias de maneira flexible seguindo un criterio pedagóxico.

Despois das decisións adoptadas na CCP e validadas no claustro, así como tendo en conta as solicitudes do alumnado no momento da matrícula, as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 1º da ESO. Neste curso hai, ademais, dúas horas de Libre disposición que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora na materia de Matemáticas e 1 hora na materia de Lingua Castelá e Literatura. Esa hora será impartida polo docente titular de cada materia nos diferentes grupos.

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 3º da ESO. Dentro das materias optativas, neste curso impártense as de Educación Dixital, Oratoria e Francés como segunda lingua estranxeira.

Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, as materias optativas agruparanse de forma que se poida orientar ao alumnado tanto para os estudos pos obrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

A distribución das materias en bloques ten un carácter orientador, tanto para os estudos pos obrigatorios, establecendo combinacións cuxas materias senten os coñecementos precisos de caras modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, como para a incorporación á vida laboral.

No caso do curso de primeiro de Bacharelato, no IES Luís Seoane impártense as seguintes modalidades:

- a) Ciencias e Tecnoloxía.
- b) Humanidades e Ciencias Sociais.
- c) Xeral

No artigo 10 do DECRETO 157/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 1º de Bacharelato. No caso deste curso, ofértanse as seguintes materias de modalidade: Debuxo Artístico I, Análise Musical I, Matemáticas I, Latín e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. Dentro das materias de opción, impártense as seguintes: Linguaxe e Práctica Musical, Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Debuxo Técnico I, Física e Química, Tecnoloxía e Enxeñaría I, Economía e Historia do Mundo Contemporáneo. Como materias optativas: Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Segunda lingua estranxeira (Francés) e Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

As actividades complementarias e extraescolares desempeñan unha función fundamental na formación integral do alumnado e noso centro. Por ese motivo cada departamento marca na súa programación os criterios para seleccionar, organizar e avaliar as actividades.

O IES Luís Seoane conta cun departamento de actividades complementarias e extraescolares cuxa xefatura está exercida pola vicedirección do centro.

A comezos do curso académico o departamento de actividades extraescolares e complementarias e os diferentes departamentos didácticos do centro e/ou o equipo de biblioteca e o de normalización lingüística, realizarán na comisión de coordinación pedagóxica as súas propostas de actividades complementarias e extraescolares que se recollerán na programación xeral anual e nas respectivas programacións didácticas.

Á hora de planificar, deseñar e seleccionar as actividades complementarias e extraescolares do curso académico todos os departamentos implicados terán presente as seguintes directrices xerais:

- Vinculación das actividades cos contidos do currículo educativo das diferentes materias / cursos / etapas.
- Transversalidade das actividades entre diferentes departamentos e/ou entidades socioculturais.
- Fomento de actividades de proximidade na contorna do centro educativo.
- Gratuidade da actividade ou redución dos custos da mesma.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias e destinado a súa recuperación.

No centro existen 2 convocatorias para a recuperación das pendentes, a primeira no mes de xaneiro e a segunda en maio, a cualificación definitiva recollerase na 3ª avaliación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teñan pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.
- c) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar con temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación de información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O modelo adotado é o proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Resultados académicos do curso anterior.
- c) Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe
- d) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual.
- e) Profesionais que participan no plan específico de recuperación para o alumnado repetidor.
- f) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación negativa).

g) Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación positivas).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios de promoción na ESO, de acordo coa Orde do 25 de xaneiro de 2022, son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias. Ademais, no caso de ter máis de dúas suspensas, téñense que dar simultaneamente:

- 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- 2) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- 3) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- 4) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Criterios de promoción no Bacharelato. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

Os criterios de titulación na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou que se cumpran simultaneamente as seguintes tres condicións:

- 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco
- 2) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. Para acreditar esta condición resulta máis práctico demostrar que non as adquiriu.
- 3) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para acreditar esta condición resulta máis práctico demostrar que non os acadou

Criterios de titulación no Bacharelato.

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha falta de asistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Alumnado de ESO:

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de empate aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

- 1) Utilizarase ata o terceiro decimal da media das materias do cuarto curso.
- 2) Maior número de cualificacións de 10, 9, 8, 7 no cuarto curso.
- 3) Repetiranse os apartados anteriores en 3º, 2º e 1º nesta orde.

Alumnado de Bacharelato:

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

No caso de empate aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

- 1) Utilizarase ata o terceiro decimal da media das materias do segundo curso.
- 2) Maior número de cualificacións de 10, 9, 8, 7 no segundo curso.
- 3) Repetiranse os apartados anteriores en 1º nesta.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

A elaboración das programacións didácticas PROENS será responsabilidade do profesorado que imparte a materia e, no caso de ser varios os profesores/as que a imparten nun mesmo curso elaboraranse de forma conxunta e acordada polo profesorado implicado. Haberá unha programación por materia e nivel redactada en galego agás os departamentos

específicos. As programacións de ciclos e formación profesional básica cumprimentaranse na aplicación correspondente. Unha vez elaboradas serán revisadas pola persoa titular da xefatura do departamento correspondente antes de pasala á revisión por parte do equipo directivo e remisión a inspección educativa.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

As programacións incorporarán as propostas de mellora recollidas no curso anterior.

O resumo para o alumnado e familias será publicado a través da web do instituto.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O equipo directivo promoverá a participación do centro en proxectos, plans e programas informando ao claustro daqueles que poidan ser de seu interese, facendo suxestións e propostas coa dinamización da Vicedirectora e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, escoitando e favorecendo as propostas que fagan os departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal, procurando a participación da comunidade educativa. Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas nas memorias dos departamentos e do centro dos cursos anteriores.

Unha vez analizados estes proxectos nos departamentos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión da concreción curricular deberá ser anual, tendo en conta as memorias de final de curso de cada un dos departamentos e do centro. Así mesmo, poderá ser revisada a proposta de membros da comunidade educativa, comunicada no seo dos órganos colexiados do centro como son o claustro de profesores, comisión de coordinación pedagóxica e consello escolar.

Para a avaliación da concreción curricular, propónse como indicadores de logro, os seguintes:

- Resultados da avaliación do curso en cada unha das materias, por curso e grupo.
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados.
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas á mellora dos resultados obtidos.

A modificación da concreción curricular realizarase a proposta dos representantes dos diferentes sectores da comunidade educativa, tras a avaliación da mesma segundo os criterios mencionados anteriormente e sempre a comezo de cada curso xunto coa elaboración das programacións de cada unha das materias e grupos.